

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

**7782** *Real decreto 310/2019, do 26 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e se crea a Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica.*

O texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece no artigo 2.2, reiterando o disposto na normativa vixente até esa data, que na aplicación deste estatuto ao persoal investigador se poderán ditar normas singulares para adecualo ás súas peculiaridades.

Con base nesta disposición, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, regula a carreira profesional do persoal investigador funcionario estruturándoa arredor dun novo deseño de escalas científicas, que se reorganizan para homoxeneizar o seu réxime retributivo, de selección e de promoción.

De acordo con isto, o artigo 25.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, dispón que o persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado se agrupa nas escalas científicas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, investigadores científicos de organismos públicos de investigación e científicos titulares de organismos públicos de investigación, engadindo que as escalas científicas terán o mesmo réxime retributivo, de selección e de promoción.

Pola súa parte, a disposición adicional sétima desta Lei 14/2011, do 1 de xuño, determina que o persoal investigador funcionario que se integre nas escalas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, de investigadores científicos de organismos públicos de investigación e de científicos titulares de organismos públicos de investigación terá o sistema retributivo correspondente ás suprimidas escalas de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas e de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas, respectivamente, nos termos do establecido nesta lei sobre a carreira profesional do persoal investigador funcionario.

En relación con isto, o artigo 25.5 da mesma lei introduce, con carácter xeral, para o persoal investigador funcionario que se integra nas citadas escalas científicas conceptos retributivos, que, até entón, só viña percibindo o persoal investigador funcionario das suprimidas escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas e o profesorado universitario.

O sistema retributivo do persoal investigador funcionario das suprimidas escalas científicas do Consello Superior de Investigacións Científicas é o previsto polo acordo do Consello de Ministros do 23 de decembro de 1998 polo que se regulan as retribucións complementarias de determinado persoal investigador que presta os seus servizos no Consello Superior de Investigacións Científicas, modificado polo acordo do Consello de Ministros do 8 de xullo de 2005.

O sistema retributivo do persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación producirá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018, de acordo coa disposición adicional trixésimo novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Por outra parte, a disposición derradeira décima da Lei 14/2011, do 1 de xuño, preceptúa que o Goberno, por proposta do suprimido Ministerio de Ciencia e Innovación, ditará no ámbito das súas competencias as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

Para estes efectos, o Real decreto 355/2018, do 6 de xuño, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, que establece unha nova estrutura ministerial, dispón, no seu artigo 18, que corresponde ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a proposta e execución da política do Goberno en materia de investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación en todos os sectores.

No citado marco normativo, este real decreto ten por obxecto a regulación do réxime retributivo do persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, regulación que debe realizarse tendo en conta as características e peculiaridades que presenta tanto a prestación do servizo público da investigación como o réxime deste persoal, peculiaridades que, de forma evidente, deben ter reflexo no réxime retributivo.

Támén é obxecto do real decreto a creación e regulación da Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica, para efectos do recoñecemento do compoñente por méritos investigadores do complemento específico das retribucións do persoal investigador funcionario afectado por esta disposición, así como a atribución á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación do recoñecemento do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade, de acordo co previsto no artigo 19.2 do Estatuto do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, aprobado polo Real decreto 1112/2015, do 11 de decembro.

Con esta norma preténdese, así mesmo, fomentar e recoñecer a excelencia, a calidade e a mellora continua nas actividades profesionais do persoal investigador funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

En liña con isto, o real decreto regula un sistema obxectivo para avaliar o desempeño da actividade deste persoal investigador funcionario, adecuado aos criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación establecidos pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, para efectos, entre outros, da carreira profesional horizontal e da percepción de retribucións complementarias.

No proceso de elaboración do real decreto foron consultados a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA), o Instituto de Saúde Carlos III, O.A., M.P. (ISCIII), o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, O.A., M.P. (IXME), o Instituto Español de Oceanografía, O.A., M.P. (IEO), o Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas, O.A., M.P. (CIEAT), o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, O.A., M.P. (INIA) e o Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC), todos eles organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, o organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, o Ministerio de Defensa e as organizacións sindicais con representación no ámbito da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado para o persoal funcionario.

Este real decreto, que está incluído no Plan anual normativo de 2018, adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedementos administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Ciencia, Innovación e Universidades, de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto do real decreto é regular o réxime retributivo do persoal investigador funcionario das escalas científicas previstas no artigo 25.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, é obxecto do real decreto a creación e a regulación da Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación ao persoal investigador funcionario das escalas científicas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, de investigadores científicos de organismos públicos de investigación e de científicos titulares de organismos públicos de investigación, ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

2. O persoal investigador a que se refire o número anterior será retribuído unicamente polos conceptos que se regulan neste real decreto.

## CAPÍTULO II

### Estrutura das retribucións

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Disposición xeral*

#### Artigo 3. *Réxime retributivo.*

As retribucións do persoal investigador funcionario de carreira incluído no ámbito de aplicación deste real decreto estrutúranse da forma seguinte:

1. Retribucións básicas, que se rexerán polo previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

2. Pagas extraordinarias, conforme o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

3. Retribucións complementarias:

a) Complemento de destino.

b) Complemento específico.

c) Complemento de produtividade.

d) Gratificacións por servizos extraordinarios, de acordo coa regulación establecida con carácter xeral para o conxunto de funcionarios da Administración xeral do Estado.

4. Así mesmo, este persoal poderá percibir as indemnizacións correspondentes por razón de servizo e a indemnización por residencia, nos supostos e condicións que se determinan pola regulación establecida con carácter xeral para o conxunto de funcionarios da Administración xeral do Estado.

## Sección 2.<sup>a</sup> Retribucións complementarias

### Artigo 4. *Complemento de destino.*

1. O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe ou o que corresponda ao grao persoal consolidado, de conformidade co previsto ao respecto para os funcionarios acollidos ao texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. O nivel do complemento de destino dos postos de traballo asignado a cada unha das escalas científicas é o seguinte:

- a) Nivel 29 para os profesores de investigación de organismos públicos de investigación.
- b) Nivel 28 para os investigadores científicos de organismos públicos de investigación.
- c) Nivel 27 para os científicos titulares de organismos públicos de investigación.

### Artigo 5. *Complemento específico.*

1. A contía do complemento específico resultará da suma total dos importes dos tres seguintes compoñentes:

- a) Compoñente ordinario.
- b) Compoñente por méritos investigadores.
- c) Compoñente de excelencia científica.

A contía dos compoñentes deste complemento devindicarase mensualmente.

2. O compoñente ordinario corresponderá co asignado ao posto de traballo.

A contía anual deste compoñente dos postos de traballo asignados ao persoal investigador funcionario en cada unha das escalas científicas fíxase en:

- a) 14.503,16 euros para os profesores de investigación de organismos públicos de investigación.
- b) 10.591,56 euros para os investigadores científicos de organismos públicos de investigación.
- c) 6.855,38 euros para os científicos titulares de organismos públicos de investigación.

3. O compoñente por méritos investigadores.

A contía deste compoñente determinarase de acordo co seguinte:

a) O persoal investigador funcionario de carreira das escalas científicas poderá someter a avaliación o desempeño das actividades realizadas en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado en réxime de dedicación a tempo completo cada cinco anos, ou período equivalente se tiver prestado servizo en réxime de dedicación a tempo parcial.

Esta avaliación solicitarase directamente á Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica prevista no artigo 8, para a súa valoración.

b) Na avaliación do desempeño teranse en conta os méritos do persoal investigador nos ámbitos de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico, de dirección, de xestión e de transferencia do coñecemento das actividades e tarefas realizadas ao longo de toda a súa carreira profesional nos citados organismos públicos de investigación, de acordo cos criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación.

Así, valorarase, entre outros, a participación en proxectos de investigación de ámbito nacional e internacional, con financiamento público ou privado; en proxectos de colaboración público-privados; en encomendas de xestión, en encargos dos poderes adjudicadores a medios propios personificados, e en encargos das administracións públicas españolas; en programas de formación de persoal investigador e en actividades de difusión da ciencia, o coñecemento e a tecnoloxía.

Así mesmo, a avaliación axustarase aos criterios xerais de avaliación aprobados pola Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, por proposta da referida comisión, e publicados no «Boletín Oficial del Estado».

c) A avaliación do desempeño só poderá ser obxecto dunha das seguintes cualificacións, favorable ou non favorable.

Superada favorablemente a avaliación, o persoal investigador adquirirá e consolidará, por cada unha das avaliacións, até o límite máximo fixado no artigo 7.7, un tramo do compoñente por méritos investigadores, que se devindicará mensualmente, das seguintes contías anuais:

1.º 1.892,64 euros para os profesores de investigación de organismos públicos de investigación.

2.º 1.712,62 para os investigadores científicos de organismos públicos de investigación.

3.º 1.533,00 euros para os científicos titulares de organismos públicos de investigación.

d) As avaliacións da Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica realizaranse unha soa vez ao ano, para o cal as persoas interesadas formularán as súas solicitudes antes do 31 de decembro do ano en que se cumpra o pertinente período por avaliar. Se for o caso, os correspondentes efectos económicos iniciaranse no 1 de xaneiro do ano seguinte ao da presentación das solicitudes aínda que a avaliación se resolva con posterioridade a esa data.

Os efectos económicos que, se for o caso, deriven das solicitudes que se presenten posteriormente ao 31 de decembro do ano en que se cumpra o pertinente período por avaliar, iniciaranse no 1 de xaneiro do ano seguinte ao da presentación.

O prazo de resolución e notificación das solicitudes será como máximo de seis meses, contados a partir da data de finalización do prazo de admisión de solicitudes establecido na correspondente convocatoria.

e) O persoal investigador que cambie de escala científica conservará na nova escala o compoñente por méritos investigadores que tiver adquirido na anterior escala, ao cal se acumularán os que poida obter en sucesivas avaliacións. En todo caso, este compoñente aboarase nas contías que correspondan á escala en que tales compoñentes se recoñeceron.

4. O compoñente de excelencia científica.

Este compoñente obterase por cada unha das avaliacións favorables da actividade investigadora conseguida de acordo co previsto no artigo 6.1.

A súa anual fíxase en:

a) 1.021,68 euros para os profesores de investigación de organismos públicos de investigación.

b) 893,52 euros para os investigadores científicos de organismos públicos de investigación.

c) 819,12 euros para os científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Este compoñente aboarase nas contías que correspondan á escala en que tal compoñente se recoñeceu, con independencia de que o persoal investigador cambiase de escala.

Artigo 6. *O complemento de produtividade.*

1. O persoal investigador funcionario de carreira terá dereito a percibir un compoñente do complemento de produtividade pola actividade investigadora realizada, que se deseñará mensualmente, e cuxa contía se determinará de acordo co seguinte:

a) O persoal Investigador funcionario de carreira poderá someter a actividade investigadora realizada cada seis anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou período equivalente se prestou servizos en réxime de dedicación a tempo parcial, a unha avaliación en que se xulgará o rendemento do labor investigador desenvolvido durante ese período.

b) Esta avaliación será efectuada pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, de acordo cos criterios establecidos por ela.

c) Superada favorablemente a avaliación, o persoal investigador adquirirá e consolidará, por cada unha das avaliacións, até o límite máximo fixado no artigo 7.7, un tramo deste compoñente do complemento de produtividade das seguintes contías anuais.

1.º 1.892,64 euros para os profesores de investigación de organismos públicos de investigación.

2.º 1.712,62 euros para os investigadores científicos de organismos públicos de investigación.

3.º 1.533,00 euros para os científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Mediante orde do Ministerio de Facenda, asinada pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, por delegación do titular deste departamento, autorizaranse os importes deste compoñente do complemento de produtividade.

d) O persoal investigador que cambie de escala científica conservará na nova escala o compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade que tiña asignado na anterior escala, ao cal se lle acumularán os que poida obter en sucesivas avaliacións. En todo caso, este compoñente aboarase nas contías que correspondan á escala en que tales compoñentes se recoñeceron.

2. Este persoal investigador tamén poderá percibir, se for o caso, e logo de autorización do Ministerio de Facenda, un compoñente do complemento de produtividade pola súa participación na consecución e cumprimento dos obxectivos do organismo en función dos indicadores fixados ao respecto no seu plan estratéxico ou de actuación segundo proceda, nos termos e coas condicións que o órgano competente de cada organismo público de investigación da Administración xeral do Estado estableza.

3. Así mesmo, o persoal investigador poderá percibir, se for o caso, e logo de autorización do Ministerio de Facenda, incentivos ao rendemento xerados nos estados de gastos do orzamento a partir do financiamento obtido mediante, entre outros, ingresos derivados de contratos, de encomendas de xestión, de encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados, de convenios, de cesión de dereitos da propiedade industrial ou intelectual, de cursos de especialización ou polos recursos recibidos para o desenvolvemento de proxectos científicos ou tecnolóxicos como consecuencia da participación en convocatorias competitivas, públicas ou privadas, nacionais, internacionais ou da Unión europea.

A percepción, se for o caso, deste compoñente do complemento de produtividade farase nos termos e coas condicións que o órgano competente de cada organismo público de investigación da Administración xeral do Estado estableza.



## CAPÍTULO III

**Normas comúns das avaliacións**

Artigo 7. *Normas comúns das avaliacións para determinar o compoñente por méritos investigadores do complemento específico e o compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade.*

1. Para poder solicitar ser avaliado para a determinación do compoñente por méritos investigadores do complemento específico e do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade deberase estar en situación de servizo activo.

2. Considerarase equivalente á situación de servizo activo, para os efectos de solicitar as avaliacións, o período de tempo en que o persoal investigador funcionario estivo nas situacións de servizos especiais, e de excedencia nas modalidades por coidado de familiares, por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista previstas no artigo 89.1 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público.

Terán, tamén, esta consideración as situacións de excedencia temporal a que se refire o artigo 17.3 e 4 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

3. O período de actividade desenvolvida nos organismos públicos de investigación previamente a adquirir a condición de funcionario de carreira considerarase como prestada na escala en que se tiver ingresado como tal.

4. Cando se cambie de escala científica antes de completar o tempo preciso para unha avaliación, a fracción de tempo transcorrido na antiga escala considerarase como tempo de servizos prestados na nova.

5. Para efectos do cómputo de anos para obter o dereito a ser avaliado, o tempo en que se prestou servizos en réxime de dedicación diferente á de tempo completo ou asimilado será computado aplicando o coeficiente redutor do 0,5.

6. Os períodos valorados negativamente non poderán ser obxecto posteriormente dunha nova solicitude de avaliación. No entanto, o persoal investigador a quen se avalíase negativamente o último período de actividade investigadora presentado poderá construír un novo período, de seis anos, con algúns dos anos xa avaliados negativamente na última solicitude formulada e, ao menos, tres posteriores a aqueles. Este réxime non será aplicable no suposto de avaliación única prevista na disposición adicional segunda.

7. En ningún caso a contía anual dos compoñentes por méritos investigadores e de excelencia científica do complemento específico, nin a do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade, poderá exceder o resultado de superar favorablemente seis avaliacións e o recoñecemento de seis tramos.

8. Nas avaliacións terase en conta o establecido no número 4 da disposición adicional décimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

## CAPÍTULO IV

**Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica**

Artigo 8. *Natureza, fins e obxectivos.*

1. Créase a Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica, en diante Comisión, adscrita á Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica, como órgano colexiado de carácter científico-técnico.

2. A súa finalidade principal é a avaliación do desempeño da actividade científico-tecnolóxica desenvolvida polo persoal investigador funcionario nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

3. Constitúe o obxectivo da Comisión estimular e recoñecer a excelencia, a calidade e a mellora continua nas actividades profesionais do persoal investigador funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

4. Esta Comisión constituirase no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

#### Artigo 9. *Funcións.*

1. A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Avaliar, por instancia do persoal investigador funcionario, o desempeño das actividades desenvolvidas en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado nos ámbitos sinalados no artigo 5.3.b).

b) Propor á Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica os criterios xerais de avaliación para a súa aprobación.

c) Resolver sobre a concesión ou denegación dos tramos do compoñente por méritos investigadores do complemento específico sometidos a avaliación.

d) Determinar o número de campos científicos a que se refire o artigo 11.3, a súa denominación e as áreas adscritas a eles.

e) Aprobar ou rexeitar a proposta de nomeamentos de presidente e de vogais especialistas dos comités asesores a que se refire o artigo 11.3.

f) Aquelas outras que, como órgano científico-técnico, poida encomendarlle a Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica.

2. Os acordos que adopte a Comisión non poñen fin á vía administrativa e, en consecuencia, poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica, conforme o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedementos administrativo común das administracións públicas.

#### Artigo 10. *Composición.*

1. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

a) O presidente, que será a persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación de Organismos Públicos de Investigación.

b) Os vogais serán nomeados por un prazo máximo de tres anos:

1.º Tres representantes do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, con rango de subdirector xeral ou equivalente, designados dous deles pola persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica e un pola persoa titular da subsecretaría do departamento.

2.º Un representante de cada un dos organismos públicos de investigación da Administración xeral de Estado, designado pola persoa titular da dirección destes entre o persoal investigador funcionario de carreira das escalas científicas.

3.º Un vogal do organismo autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, con rango de subdirector xeral ou equivalente, designado pola persoa titular da dirección dela.

4.º Cinco persoas expertas en I+D+i, designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica.

5.º Un representante de cada unha das organizacións sindicais con representación no ámbito da Mesa Xeral de Negociación na Administración xeral do Estado, pertencente ao grupo A, subgrupo A1, do ámbito da investigación, designado por estas.

2. A designación dos membros da Comisión axustarase á normativa vixente garantindo a súa idoneidade profesional e unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

3. A persoa titular da secretaría da Comisión, con voz pero sen voto, será un funcionario da Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica, designado polo presidente da Comisión.



**Artigo 11. Funcionamento.**

1. A Comisión exercerá as súas funcións reunida en pleno. O pleno da Comisión estará integrado polo presidente e todos os vogais.

2. O funcionamento da Comisión rexeráse polo establecido neste real decreto e polas normas que puider aprobar a Comisión con carácter interno para o mellor exercicio das súas funcións, e no non previsto nestas disposicións, polo previsto nas seccións 3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. A Comisión solicitará o asesoramento dos membros da comunidade científica a través de comités asesores, por campos científicos.

A proposta de membros dos comités asesores será realizada polo presidente da Comisión Avaliadora, oídas as persoas titulares das direccións dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, entre persoal investigador funcionario que teña acreditado, ao menos, dez anos de antigüidade nas escalas científicas.

A Comisión poderá constituír até un máximo de oito comités asesores. Cada comité asesor comporase dun presidente e de tres vogais.

4. A Comisión reunirse ao menos unha vez ao ano en sesión ordinaria. O presidente poderá acordar reunións extraordinarias tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, por iniciativa propia ou por petición de, ao menos, un terzo dos seus membros.

5. Os acordos da Comisión, que serán motivados, adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

6. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente da Comisión será substituído por un dos vogais representantes do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

7. As cinco persoas expertas en I+D+i vogais da Comisión emitirán informe sobre os recursos dealzada en relación coas solicitudes de avaliación do desempeño.

**Artigo 12. Uso de medios electrónicos.**

1. A Comisión promoverá, no seu funcionamento, a utilización de medios electrónicos, en particular, no que respecta á convocatoria das reunións, a comunicación da orde do día e o acceso á documentación producida no curso dos traballos deste órgano.

2. Así mesmo, a Comisión poderá adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto aos trámites esenciais establecidos nos artigos 17 e 18.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**Disposición adicional primeira. Actividade avaliable.**

1. Terá a consideración de actividade avaliable, para os efectos da avaliación do desempeño a que se refire o artigo 5.3.a), a realizada polo persoal investigador funcionario en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, ao longo de toda a súa carreira profesional.

2. Terá a consideración de actividade investigadora avalliable, para os efectos do disposto no artigo 6.1, a realizada con posterioridade á obtención da licenciatura ou grao, acreditada cun contrato de contido científico ou cun nomeamento nun centro de investigación, español ou estranxeiro, a investigación realizada en universidades legalmente recoñecidas, así como a levada a cabo en hospitais públicos e demais entidades do Sistema Nacional de Saúde.

**Disposición adicional segunda. Primeiras avaliacións para a determinación do número de tramos do compoñente por méritos investigadores do complemento específico e do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade.**

1. A determinación do número de tramos do compoñente por méritos investigadores do complemento específico e do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade que poidan recoñecerse ao persoal investigador funcionario pola

actividade realizada até o 31 de decembro de 2017 efectuarase, cando se solicite por primeira vez, a través dunha avaliación para o desempeño da actividade, e doutra para a avaliación de todo o labor investigador desenvolvido polo solicitante, sen que, en ningún caso, se exceda o límite establecido no artigo 7.7.

Para a primeira avaliación do persoal investigador afectado por este real decreto, teranse en conta as peculiaridades da actividade científico-técnica desenvolvida nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

2. As convocatorias para estas avaliacións realizaranse ao longo do ano 2019 e resolveranse durante o primeiro semestre de 2020, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018.

Disposición adicional terceira. *Retribucións complementarias do persoal investigador funcionario procedente das suprimidas escalas científicas do Consello Superior de Investigacións Científicas, e integrado nas escalas científicas de organismos públicos de investigación.*

1. O número de tramos dos compoñentes por méritos investigadores e de excelencia científica do complemento específico e o número de tramos do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade, que perciba o persoal investigador funcionario de carreira procedente das suprimidas escalas científicas do Consello Superior de Investigacións Científicas e integrado nas escalas científicas de organismos públicos de investigación que preste servizos neste organismo público, quedarán consolidados á entrada en vigor do real decreto.

Os méritos valorados nas diferentes avaliacións para a obtención dos tramos dos compoñentes consolidados non poderán ser sometidos novamente a avaliación para a obtención de novos tramos.

2. O persoal investigador funcionario a que se refire o número 1 que, á entrada en vigor do real decreto, se encontre prestando servizos nun organismo público de investigación da Administración xeral do Estado distinto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. e do Instituto de Astrofísica de Canarias terá dereito a percibir os compoñentes por méritos investigadores e de excelencia científica do complemento específico e o compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade que tiver recoñecidos, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018.

Así mesmo, terá dereito a someter a avaliación a actividade realizada no organismo público de investigación en que se encontre.

Disposición adicional cuarta. *Retribucións complementarias do persoal investigador funcionario que presta servizos no Instituto de Astrofísica de Canarias.*

O número de tramos do compoñente por méritos investigadores do complemento específico e o número de tramos do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade, que perciba o persoal investigador funcionario das escalas científicas de organismos públicos de investigación que preste servizos no Instituto de Astrofísica de Canarias quedarán consolidados á entrada en vigor do real decreto.

Os méritos valorados nas diferentes avaliacións para a obtención dos tramos dos compoñentes consolidados non poderán ser sometidos novamente a avaliación para a obtención duns novos tramos.

Disposición adicional quinta. *Compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade recoñecido ao persoal investigador funcionario das escalas científicas de organismos públicos de investigación procedente da suprimida escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación.*

O número de tramos do compoñente por actividade investigadora do complemento de produtividade que fosen recoñecidos ao persoal investigador funcionario das escalas científicas de organismos públicos de investigación procedente da suprimida escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación, pola Comisión Nacional

Avaliadora da Actividade Investigadora, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2014, producirán efectos económicos a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Os méritos valorados nas diferentes avaliacións para a obtención dos tramos dos compoñentes consolidados non poderán ser sometidos novamente a avaliación para a obtención duns novos tramos.

Disposición adicional sexta. *Efectos económicos das avaliacións favorables en situacións equivalentes á de servizo activo.*

Os efectos económicos das avaliacións favorables recoñecidas ao persoal investigador funcionario nas situacións equivalentes á de servizo activo previstas no artigo 7.2 non se iniciarán até o momento do seu reingreso a un organismos público de investigación da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional sétima. *Non incremento de gasto público debido á creación da Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica.*

O funcionamento da Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica será atendido cos medios persoais, técnicos e materiais xa existentes na Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica, polo que a súa creación non carretará incremento do gasto público.

Disposición adicional oitava. *Limitacións ao incremento de gasto en incentivos ao rendemento do persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

Os importes de incentivos ao rendemento que se autoricen ao persoal investigador funcionario das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado en virtude do establecido nos números 2 e 3 do artigo 6 non poderán supor un incremento nas contías globais autorizadas polo Ministerio de Facenda con anterioridade á aprobación deste real decreto, sen prexuízo das variacións retributivas que, se for o caso, se establezan polas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional novena. *Referencias.*

As referencias relativas ás retribucións contidas no real decreto entenderanse sempre realizadas a retribucións íntegras.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación do novo sistema retributivo.*

O novo réxime retributivo producirá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2018, de acordo co establecido pola disposición adicional trixésimo novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Disposición transitoria segunda. *Complemento persoal transitorio.*

Ao persoal investigador funcionario que, como consecuencia da aplicación do réxime retributivo regulado neste real decreto, se vexa afectado por unha diminución das súas retribucións en cómputo anual seralle de aplicación un complemento persoal transitorio, de acordo coa disposición adicional sétima, número 4, da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Este complemento será absorbido polos incrementos retributivos que deriven da aplicación deste real decreto, así como por calquera futura mellora retributiva, sen prexuízo dos criterios que establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

Para efectos da absorción deste complemento prevista no parágrafo anterior, non se considerarán o soldo, os trienios, os compoñentes do complemento de produtividade a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 6, nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto, e en particular:

1. O acordo do Consello de Ministros do 23 de decembro de 1998 polo que se regulan as retribucións complementarias de determinado persoal investigador que presta os seus servizos no Consello Superior de Investigacións Científicas, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira cuarta respecto da Comisión de Avaliación de Ámbito Científico do Consello Superior de Investigacións Científicas.

2. Os números 2 e 3 do artigo 33 do Estatuto da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Variación anual das retribucións.*

Ás contías das retribucións fixadas no presente real decreto resultaranlles de aplicación, a partir de 2019, as variacións retributivas que con carácter xeral establezan as leis de orzamentos xerais do Estado ou outras normas reguladoras das retribucións do persoal ao servizo do sector público, sen prexuízo do incremento retributivo adicional ligado ao incremento do produto interior bruto (PIB) que puiden resultar, se for o caso, da aplicación das previsións do artigo 3.2, segundo parágrafo, do Real decreto lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Disposición derradeira segunda. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda procederá á modificación dos créditos que requira a aplicación do real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízanse os ministros de Ciencia, Innovación e Universidades e de Facenda, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar, se for o caso, as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Supresión da Comisión de Avaliación de Ámbito Científico do Consello Superior de Investigacións Científicas.*

A Comisión de Avaliación de Ámbito Científico do Consello Superior de Investigacións Científicas quedará suprimida por perda de efectos cando se constituía a Comisión Avaliadora do Desempeño da Actividade Científico-Tecnolóxica.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,  
CARMEN CALVO POYATO